

Nos espazos de sombra

O outro pé da sereia · Mia Couto ·
Caminho. 2006 · 384 páx. · 14,70
euros

Coa entrada do último verán europeo, vía a luz a nova e extraordinaria ficción *O Outro Pé da Sereia* do mozambicano António Emílio Leite Couto (1955), de nome literario Mia Couto. Lanzouse simultaneamente no Brasil (Companhia das Letras), en Mozambique (Nzila) e en Portugal (Caminho), e unha vez máis cunha notoria receptividade da crítica e dos lectores.

O Outro Pé da Sereia é unha complexa e fascinante construción novelística en que este autor bulímico da escrita, cunha lucidez intransigente, por veces, amábel, humorística ou ternamente cruel, se move nos intersticios dos diversos espazos de sombra da identidade múltipla e da alteridade mutábel, do feminino e do masculino, da vida e da morte, da (ir)realidade e do soño, do pasado e do presente, do terrestre e do acuático... E faíno de maneira perigosa, servíndose, como o propio autor ten afirmado, dos lugares comúns sobre os africanos, «da feitiçaria, dos cheiros, da violencia tribal e do erotismo próximo da natureza. Em lugar de me ocupar em construír novas definicións (que são sempre reducionistas e simplistas) me dá prazer interrogar as velhas molduras, os velhos retratos»... Nisto ecoan as dúbidas que, con outras intencións, levantan estas palabras dun personaxe do romance: «Você quer-nos apresentar como criaturas exóticas, vivendo de crenças e tradições. Não era essa a imagem que os colonos faziam de nós?».

Nesta arriscada postura subxace tamén a crenza de que non se pode ser adanista e crer que os «contidos» da globaliza-

ción ou da identidade son novos cando o novo son os «conceptos». É así que se explica o duplo plano temporal en que se organiza a novela: do lado de acá do tempo, no Mozambique de decembro de 2002, as vivencias e a viaxe da extraordinaria personaxe Mwadia dende Antigamente ata Vila Longe; no lado de alá do tempo, na Goa e no Océano Índico de xaneiro de 1560, así como nas marxes do río Zambeze de marzo de 1561, a viaxe marítima e terrestre do intolerante xesuíta Gonçalo da Silveira e dos integrantes da expedición ao reino de Monomotapa que Camões cantara n'Os Lusíadas.

Se o «mecanismo» que comunica o percurso á deriva dun e outro tempo e entre un e outro mundo é o da escrita e a dos manuscritos doutroa lidos por Mwadia «→canoá», na lingua *si-nhungwé*-, os elementos que os unen son o río e a misteriosa imaxe mutilada dun pé que, dependendo do *genius loci* de quen a designe, devén Nosa Señora, a raíña das augas doces Nzuzu ou a divindade acuática Kianda.

Apuntemos tamén a topografía de *sertão* –ao Guimarães Rosa– de Antigamente, onde «conviven» Mwadia e o espectral pastor Zero Madzero, ou a caracterización de Vila Longe como un Macondo, onde «só o imposible é natural, só o sobrenatural é creível». Aquí, de novo Mwadia «ensoña», entre outros, cos personaxes (im)posíbeis do seu padrazo, o mascarado alfaiate goés Jesustino Rodrigues, e a súa nai, a portentosa e fascinante Constança, coa parella do estadounidense Southman e a brasileira Rosie –quizais espías, nunha liña narrativa mal desenvolvida– á procura das súas míticas orixes escravocratas, co barbeiro e loitador político Arcanjo Mistura, co (ex)puxilista e empregado de correos Zweca

Macambira ou co artemista Ca-suarino Mulunga. Mentres, no navío seiscentista acompañamos, entre outras varias peripecias, as do amor do escravo devoto da imaxe Nimi Nsundi e da indiana Dia Kumari, as do cambio de raza do xoven xesuíta Manuel Bernardes ou as da misión mortal do Padre Silveira ao pretender «evanxelize» o rei de Monomotapa.

Mais seguir a radiografar ou a apuntar este ensarillado *puzzle* é unha pretensión imposible, porque sempre nos faltaría tanto o sentido discursivo que as unifica como a pauta narrativa que as xerarquiza e que permitiría comprender o todo ficcional dunha forma consistente só realizábel na lectura.

Digamos no entanto que Mia Couto, na esteira da ambiciosa canibalización da oratura africana, realizada modelarmente na escrita de Luandino Vieira, poetiza e «falainventa» a súa expresión literaria de maneira equilibrada e suxestiva, dotándoa dunha teimosa sentenciosidade e dun pertinaz xogo de palabras que, na súa contención e á diferenza do exceso dalgunhas das súas obras anteriores, resulta altamente rendíbel e exitoso.

Este longo romance de viaxes, viraxes e miraxes pode ser considerado clásico e indispensable. *O Outro Pé da Sereia* equivale *grosso modo* a un universo –Calvino dixit– e combina dúas das características da escrita ficcional de Mia Couto: o pracer fascinado por unha visión rigorosamente transfigurada da irrealidade empírica, e o modo persuasivo de transformar as figuras visadas e a vivencia dos contrastes nunha especie de metonimia, onde se proxecta toda unha interpretación filosófica dos feitos históricos e da condición moderna.

// Carlos P. Martínez Pereira